



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 44/2010 (Inclúe novo horario)

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asambleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO VETERÁN PISTA AIRE LIBRE

Ourense, 5 de xuño 2010

Art.1) O día 5 de xuño organizarase o Campionato Galego Veterán de pista ao aire libre nas pistas de Monterrei en Ourense. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas da citada categoría (que teñan cumpridos o día da competición 35 ou máis anos), que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/10) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite o martes **día 1 de xuño**, ata as 20,00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizalo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. Asemade, tamén os números adicionais nas probas cronometradas automaticamente de velocidade e valados. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación.

Art.7) O longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.

Art.8) Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista.

Art.9) En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior. Antes da saída, o xuíz da proba comunicará ós participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda caso de que a houbera.

Art.10) Cada atleta poderá facer un máximo de 3 probas sendo soamente unha delas superior os 1500 metros. Só programaranse máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos.

Art. 11) No caso de haber mellora nos concursos pasarán as oito mellores marcas independentemente da categoría de cada atleta.

Art.12) Horario da competición (novo horario)

400 m.valados	Homes	17.00	Martelo	H-M
			Pértega	H-M
			Lonxitude	Mulleres
800 m.	Homes	17.10		
800 m.	Mulleres	17.25		
100 m.	Homes	17.35		
		17.40	Lonxitude	Homes
			Xabalina	H-M
100 m.	Mulleres	17.50		
3.000 Obstáculos	Homes	18.00	Altura	H-M
80 m.valados	Mulleres	18.15		
110 m.valados	Homes	18.20		
1.500 m.	Homes	18.30		
1.500 m.	Mulleres	18.45		
		18.50	Peso	Homes
200 m.	Homes	18.55		
		19.00	Disco	H-M
200 m.	Mulleres	19.15		
		19.20	Triple	H-M
5.000 m.	Homes	19.25		
5.000 m.	Mulleres e H-M50 e +	19.45		
		20.00	Peso	Mulleres
400 m.	Homes	20.15		
400 m.	Mulleres	20.30		
10.000 m.	Homes	20.40		

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

No caso de que existan máis de 3 atletas interesados en participar nunha proba que non esté contemplada neste horario deben remitir un email á maior brevidade posible a gestion@fgatletismo.com indicando a proba a engadir. Este poderá ter modificacións en función das inscricións recibidas finalmente.

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 18 de maio de 2010

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



caixanova 

PROVEEDOR

